

## ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO NO CONCELLO DE VIGO, ANO 2018, FASE 3ª, EXPEDIENTE 13971/306.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte

### “ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, redactado por “Universidade de Vigo: Sonitum” e a entidade “Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L.”, con data de 30 de novembro de 2018, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 13971/306).

**SEGUNDO:** Someter a documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

**TERCEIRO:** A documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202, Vigo) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).

**CUARTO:** Publicar, tamén, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo o acordo de aprobación inicial e a documentación da revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, en cumprimento do artigo 18.2.b) da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

**QUINTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.”

O que se fai público para xeral coñecemento aos efectos de información pública do procedemento.

Vigo, na data electrónica que figura ao marxe.

A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable

María Jesús Lago Rey